



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Liberdade de Empresa: Organización Xurídica da Empresa. O Empresariado.		Código	612943301
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PrivadoDereito PúblicoEconomíaEmpresa			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web	http://www.dereito.udc.es/mestrado-universitario-en-asesoramento-xuridico-empresarial-maxe/			
Descrición xeral	Neste módulo analizaráanse os aspectos básicos do asesoramento xurídico. As sesións docentes sobre os diferentes temas que requiran presencialidade se complementarán coas actividades non presenciais que, dado o carácter semipresencial do MAXE, os alumnos deberán realizar previo encargo do profesorado.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecemento e xestión de fontes xurídicas (orde xurídica, xurisprudencia e doutrina científica) sobre o dereito de empresa que faciliten a identificación das cuestións xurídicas máis relevantes sobre asesoramento empresarial e a súa resolución así como a súa defensa pública. Desenvolver competencias relacionadas coas novas tecnoloxías da información			CP3 CP6 CP8
Adquirir os coñecementos e habilidades necesarios para desenvolver unha actividade profesional exitosa no campo da asesoría xurídica empresarial. Coñecer a aplicación práctica dos coñecementos xurídicos, en diversos ámbitos multidisciplinares. Coñecer os aspectos xerais do funcionamento empresarial na contorna económica xeral. Identificar, saber interpretar e facer fronte ás diferentes problemáticas xurídico-económicas que afecten á empresa, dentro do contorno xurídico-económico.		AP1 AP2 AP3 AP4 AP5	BP1 BP2 BP4 BP5
Desenvolver actitudes proactivas na resolución de problemas xurídico-empresariais, conformes ás prácticas deontolóxicas. Saber coordinar e dirixir grupos de traballo. Desenvolver habilidades para redactar, presentar e defender informes conforme ás distintas áreas do dereito relacionadas coa empresa. Desenvolver capacidades de alto nivel para a práctica profesional independente ou como profesional dentro dunha organización empresarial			BP3 BP4 BP7 BP8 BP10
Fomentar a actitude crítica e transmitir os valores do esforzo, do traballo, da formación continua, así coma do respecto á diversidade, facendo fincapé na importancia, por exemplo, da igualdade de xénero e no coidado da linguaxe			BP7 BP8 BP10 BP14 CP4 CP5 CP7

Contidos	
Temas	Subtemas
A ACTIVIDADE ECONÓMICO-EMPRESARIAL	A actividade económica e globalización A empresa como axente económico A actividade empresarial



DEREITO DO MERCADO	O dereito constitucional á liberdade de empresa A liberdade empresarial e os poderes de control do empresario A Intervención pública na economía: a regulación dos mercados. Libre competencia e competencia desleal.
A EMPRESA E O EMPRESARIO	Concepto de empresa e empresario Negocios xurídicos sobre a empresa Contratación e licenzas Elementos patrimoniais da empresa Propiedade industrial e intelectual
A PROPIEDAD PRIVADA E PÚBLICA	O Rexistro da Propiedade, Catastro e Urbanismo A normativa reguladora A reforma hipotecaria O catastro virtual
A PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL	A protección medioambiental e a liberdade de empresa O medio ambiente como dereito fundamental Protección medioambiental: instrumentos administrativos Posibles conflitos liberdade de empresa vs medio ambiente

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	B1 B2 B3 B4 B5 B10 B14 C3 C4 C5 C6 C7	12	55	67
Lecturas	A2 A3 B4 B7 B8 C8	0	40	40
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 B8	40	0	40
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Examinase a xurisprudencia de actualidade e interese. O profesor suscita problemas xurídicos e o alumnado busca solucións xurídicas razoadas individualmente e/ ou en grupo.
Lecturas	O profesor recomenda lectura de libros e artigos xurídicos relevantes.
Sesión maxistral	Clase na que o protagonismo recae sobre a intervención do profesor. Destacados profesores ou profesionais expoñen temas de interese ou actualidade.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Os profesores están a disposición dos alumnos no horario de titorías para asesoralos na preparación das diversas actividades e resolverlles dúbidas. Tanto a coordinación do mestrado como do módulo resolverán as dúbidas ou problemas que puntualmente poidan presentarse ao alumnado.
Lecturas	
Sesión maxistral	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Estudo de casos	B1 B2 B3 B4 B5 B10 B14 C3 C4 C5 C6 C7	Actividades de avaliación que serán propostas aos alumnos sempre acompañadas do material preciso para realizalas así como da data límite para a súa entrega.	80
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 B8	Rexistro da asistencia activa ás sesións presenciais. No caso de non haber docencia, a proba práctica computará o 100% da avaliación.	20

Observacións avaliación

Os alumnos serán avaliados polo traballo que realicen ao longo do curso, cun sistema de avaliación continua. Cada alumno adquire o compromiso de participar activa e satisfactoriamente nas actividades obrigatorias, que son as seguintes:

- 1) A asistencia ás clases presenciais e realizar as actividades en Moodle. Os alumnos deberán xustificar as ausencias. En calquera caso, non se admitirá unha ausencia superior ao 20% das clases presenciais. O criterio de avaliación denominado "sesión maxistral" enténdese como rexistro da asistencia activa ás sesións presenciais.
- 2) A realización das actividades encomendadas polos profesores das materias na aula.
- 3) A realización das actividades non presenciais requiridas aos alumnos polo profesorado do mestrado, que serán avaliadas sempre que se entreguen dentro do prazo sinalado para a realización das mesmas.
- 4) Os alumnos poderán participar activamente nas actividades complementarias que se ofrecen ao longo do curso. Entre estas actividades, atópase a realización de seminarios que poderán realizarse fora do horario das clases presenciais. A asistencia será valorada positivamente. Poderá reservarse unha porcentaxe da nota final para avaliar as diversas actividades complementarias que teña realizado cada alumno.

Calificación final: Para a superación da materia, os alumnos deben acadar a calificación de 5 ou superior.

Calificación de non presentado: Corresponde ao alumno, cuando soamente participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a calificación final, con independencia da calificación acadada.

Avaliación en primeira oportunidade

Ao tratarse dun Mestrado semipresencial, para poder ser avaliado haberá que cumprir con unha asistencia mínima do 80% ás clases (máximo un 20% de ausencias non xustificadas). En caso de non cumprirse ese mínimo, non cabe a posibilidade de ser avaliado e, en consecuencia, na primeira oportunidade aparecerá un "non presentado". Tales estudantes haberán de ser avaliados en segunda oportunidade. A mera asistencia a clase non será en ningún caso obxecto de avaliación, nin en primeira nin en segunda oportunidade.

Avaliación en segunda oportunidade

A avaliación en segunda oportunidade diferénciase de acordo coas seguintes circunstancias:

- aos alumnos/as que non alcanzaron o 80% de asistencia se lles propoñerán actividades de avaliación que lles permitan acadar o 100% da calificación final

- aos alumnos/as que suspenderan as actividades de avaliación se lles manterán os mesmos criterios de avaliación que na primeira oportunidade.

Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Os criterios de avaliación no esixirán o requisito de asistencia mínima d 80% ás clases, nin na primeira nin na segunda oportunidade. A avaliación consistirá nun traballo tutelado, que terá un valor do 100% tanto en primeira oportunidade como en segunda oportunidade ou, no seu caso, actividades de avaliación que lles permitan acadar o 100% da calificación final.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Cidoncha Martín, Antonio (2006). La libertad de empresa. Madrid: Thomson-Civitas - García Alcorta, José (2008). La limitación de la libertad de empresa en la competencia. Barcelona: Atelier - González Fernández, M^a Belén et al. (2020). Derecho de sociedades: los derechos del socio. Valencia: Tirant Lo Blanch - Sánchez Calero, Fernando (2002). Derecho de Sociedades: libro homenaje al profesor Fernando Sánchez Calero. Madrid: McGraw-Hill - Barruso Castillo, Begoña (2013). La empresa información jurídica, económica y financiera: organización y gestión de personal. Valencia: Tirant Lo Blanch - Krugman P., Wells, R. y Graddy, K. (2017). Fundamentos de Economía. Barcelona: Reverté Manexaránse sempre as últimas edicións existentes
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Toda la información y la comunicación con el alumnado serán realizadas a través de la plataforma Moodle.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías